

I. Disposicións xerais

MINISTERIO DE EDUCACIÓN E CIENCIA

92 *REAL DECRETO 1538/2006, do 15 de decembro, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo. («BOE» 3, do 3-1-2007.)*

A Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional, ordena un sistema integral de formación profesional, cualificacións e acreditación que poida responder con eficacia e transparencia ás demandas sociais e económicas a través das diversas modalidades formativas. Con este fin créase o Sistema Nacional de Cualificacións e Formación Profesional, en cuxo marco se deben orientar as accións formativas programadas e desenvolvidas en coordinación coas políticas activas de emprego e de fomento da libre circulación dos traballadores.

A citada lei define a formación profesional como un conxunto de accións formativas que capacitan para o desempeño cualificado das distintas profesións, o acceso ao emprego e a participación activa na vida social, cultural e económica, e inclúe as ensinanzas propias da formación profesional inicial, as accións de inserción e reinserción laboral dos traballadores, ben como as accións orientadas á formación continua nas empresas, que permitan a adquisición e actualización permanente das competencias profesionais. A lei establece, como un dos fins do Sistema Nacional de Cualificacións e Formación Profesional, promover unha oferta formativa de calidade, actualizada e adecuada aos seus destinatarios, consonte as necesidades de cualificación do mercado laboral e as expectativas persoais de promoción profesional. Así mesmo, establece que a Administración xeral do Estado, de conformidade co que se dispón no artigo 149. 1. 30.ª e 7.ª da Constitución española, e despois de consulta ao Consello Xeral de Formación Profesional, determinará os títulos de formación profesional e os certificados de profesionalidade que constituirán as ofertas de formación profesional referidas ao Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais, creado pola propia lei, cuxos contidos as administracións educativas poderán ampliar no ámbito das súas competencias.

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, dispón que o Goberno, despois de consulta ás comunidades autónomas, establecerá as titulacións correspondentes aos estudos de formación profesional, ben como os aspectos básicos do currículo de cada unha delas. Esta lei regula a formación profesional do sistema educativo e defínea como un conxunto de ciclos formativos de grao medio e de grao superior que teñen como finali-

dade preparar os alumnos e alumnas para a actividade nun campo profesional e facilitar a súa adaptación ás modificacións laborais que se poidan producir na súa vida, ben como contribuir ao seu desenvolvemento persoal e ao exercicio da cidadanía democrática. A lei introduce unha maior flexibilidade no acceso, ben como nas relacións entre os distintos subsistemas da formación profesional, a un tempo que fomenta e impulsa a aprendizaxe ao longo da vida, proporcionando aos mozos unha educación completa, que abranxa os coñecementos e competencias básicas necesarias na sociedade actual, estimulando o desexo de seguir aprendendo e a capacidade de aprenderen por si mesmos. Ademais, ofrece posibilidades ás persoas novas e adultas de combinaren o estudo e a formación coa actividade laboral ou con outras actividades.

O Real decreto 1128/2003, do 5 de setembro, polo que se regula o Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais, ditado en desenvolvemento da Lei orgánica 5/2002, das cualificacións e da formación profesional, modificado polo Real decreto 1416/2005, do 25 de novembro, define a estrutura e o contido do catálogo e dos seus compoñentes: cualificacións, unidades de competencia e módulos formativos asociados do Catálogo Modular de Formación Profesional. Así mesmo, establece os procedementos básicos para a elaboración e actualización de ambos e garante a flexibilidade precisa para a elaboración dos correspondentes títulos de formación profesional, competencia da Administración educativa, e certificados de profesionalidade, competencia da Administración laboral.

O cadro normativo descrito fai necesaria unha nova regulación da ordenación da formación profesional do sistema educativo, co fin de que as novas titulacións e as ensinanzas conducentes a estas respondan ás necesidades da sociedade do coñecemento, baseada na competitividade, a empregabilidade, a mobilidade laboral e no fomento da cohesión e a inserción social, adaptándose aos intereses e capacidades das persoas. Trátase de proporcionar ás persoas a formación requirida polo sistema produtivo e de achegar os títulos de formación profesional á realidade do mercado laboral.

Os títulos de formación profesional deberán responder aos perfís profesionais demandados polas necesidades do sistema produtivo. Estes perfís están determinados pola competencia xeral, as competencias profesionais, persoais e sociais e pola relación das cualificacións e as unidades de competencia do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais incluídas no título.

Este real decreto establece a estrutura dos novos títulos de formación profesional, que terá como base o Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais, as directrices fixadas pola Unión Europea e outros aspectos de interese social. Os títulos de formación profesional ordénanse en familias profesionais, e as ensinanzas conducentes á súa obtención organízanse en ciclos formativos, en módulos profesionais asociados a unidades de

competencia do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais e en módulos profesionais non asociados ás citadas unidades.

Así mesmo, nesos módulos profesionais incorporanse as áreas prioritarias mencionadas na adicional terceira da Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional, relativas a tecnoloxías da información e a comunicación, idiomas dos países da Unión Europea, traballo en equipo, prevención de riscos laborais e outras que se prevexan dentro das directrices marcadas pola Unión Europea; ademais, estas ensinanzas incluírán as competencias básicas a que se refire o artigo 6.1 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e que forman parte do currículo.

A oferta, o acceso, a admisión e a matrícula establécense cunha flexibilidade maior, co fin de que as ensinanzas conducentes aos títulos de técnico e de técnico superior permitan a configuración de vías formativas adaptadas ás necesidades e intereses persoais, e o tránsito da formación ao traballo e viceversa.

Este real decreto tamén pretende ofrecer ás persoas adultas a posibilidade de melloraren a súa cualificación profesional, combinando as variables de traballo, responsabilidades persoais e a formación permanente ao longo da súa vida. Con este fin, regula as probas para a obtención dos títulos de formación profesional de técnico e técnico superior e establece as súas condicións básicas. Regúlanse tamén as ensinanzas de formación profesional a distancia, co obxecto de que estas se poidan ofrecer ás persoas novas e adultas respondendo ás súas capacidades, necesidades e intereses.

Por outro lado, esta norma dedica un capítulo á información e orientación profesional que ten un papel chave na formación profesional do sistema educativo, determinando os fins e a organización dos servizos e recursos. Así mesmo, dedica outro capítulo ao sistema de validacións, exencións e a correspondencia coa experiencia laboral, establecendo conexións entre os distintos tipos de ensinanzas, facilitando o paso dunhas a outras e permitindo a configuración de vías formativas adaptadas ás necesidades e intereses persoais.

Finalmente, este real decreto desenvolve no ámbito da formación profesional as previsións contidas na Lei 51/2003, do 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non-discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade.

No proceso de elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas e emitiron informe o Consello Xeral da Formación Profesional, o Consello Escolar do Estado, o Ministerio de Administracións Públicas e o Consello Nacional da Discapacidade.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Educación e Ciencia, de acordo co Consello de Estado e despois de de deliberación de Consello de Ministros na súa reunión do día 15 de decembro de 2006.

DISPÓN O :

CAPÍTULO I

A formación profesional no sistema educativo: concepto, finalidade e obxecto

Artigo 1. *Concepto.*

A formación profesional no sistema educativo defínese como o conxunto de accións formativas que capacitan para o desempeño cualificado das diversas profesións, o acceso ao emprego e a participación activa na vida social, cultural e económica.

Artigo 2. *Finalidade da formación profesional no sistema educativo.*

A formación profesional no sistema educativo ten por finalidade preparar os alumnos e as alumnas para a actividade nun campo profesional e facilitar a súa adaptación ás modificacións laborais que se poden producir ao longo da súa vida, ben como contribuír ao seu desenvolvemento persoal, ao exercicio dunha cidadanía democrática e á aprendizaxe permanente.

Artigo 3. *Obxecto das ensinanzas de formación profesional.*

1. De acordo coa Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional, e cos obxectivos da formación profesional establecidos no artigo 40 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, estas ensinanzas teñen por obxecto conseguir que os alumnos e as alumnas adquiren as capacidades que lles permitan:

a) Desenvolver a competencia xeral correspondente á cualificación ou cualificacións obxecto dos estudos realizados.

b) Comprender a organización e características do sector produtivo correspondente, ben como os mecanismos de inserción profesional; coñecer a lexislación laboral e os dereitos e obrigas que derivan das relacións laborais.

c) Aprender por si mesmos e traballar en equipo, así como formarse na prevención de conflitos e na resolución pacífica destes en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social.

d) Traballar en condicións de seguranza e saúde, ben como prever os posibles riscos derivados do traballo.

e) Desenvolver unha identidade profesional motivadora de futuras aprendizaxes e adaptacións á evolución dos procesos produtivos e ao cambio social.

f) Afianzar o espírito emprendedor para o desempeño de actividades e iniciativas profesionais.

g) Lograr as competencias relacionadas coas áreas prioritarias referidas na Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional.

h) Facer realidade a formación ao longo da vida e utilizar as oportunidades de aprendizaxe a través das distintas vías formativas para manterse actualizado nos distintos ámbitos, social, persoal, cultural e laboral, conforme as súas expectativas, necesidades e intereses.

2. Así mesmo, a formación profesional fomentará a igualdade efectiva de oportunidades entre homes e mulleres para accederen a unha formación que permita todo tipo de opcións profesionais e o seu exercicio.

CAPÍTULO II

Ordenación da formación profesional no sistema educativo: títulos, ciclos formativos e módulos profesionais

Artigo 4. *Títulos de formación profesional.*

1. Os títulos da formación profesional no sistema educativo son o de técnico e o de técnico superior, de conformidade co disposto no artigo 44 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

2. Os títulos son un instrumento para acreditar as cualificacións e competencias propias de cada un deles e asegurar un nivel de formación, incluíndo competencias profesionais, persoais e sociais para favorecer a competitividade, a empregabilidade e a cohesión social.

3. Os títulos de técnico e técnico superior quedarán agrupados inicialmente nas vinte e seis familias profesionais establecidas no anexo I do Real decreto 1128/2003, do 5 de setembro, polo que se regula o Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais modificado polo Real decreto 1416/2005, do 25 de novembro.

4. As ensinanzas conducentes aos títulos de técnico e técnico superior ordenaranse en ciclos formativos de grao medio e de grao superior, respectivamente.

5. Os títulos de formación profesional axustaranse aos seguintes principios:

a) Os títulos responderán ás necesidades demandadas polo sistema produtivo e aos valores persoais e sociais para exercer unha cidadanía democrática.

b) O perfil profesional virá determinado polas cualificacións e, cando for o caso, unidades de competencia do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais que se inclúan neste.

c) A polivalencia e a especialización dos títulos manterán un equilibrio que virá determinado polas características da familia profesional. A polivalencia permitirá aumentar a empregabilidade e as posibilidades de adaptación aos cambios organizativos e tecnolóxicos. A especialización deberá favorecer a produtividade, a competitividade e a innovación.

d) Incorporaranse as áreas prioritarias previstas na disposición adicional terceira da Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional, as competencias básicas e outras competencias de carácter persoal e social que contribúan ao desenvolvemento e ao exercicio da cidadanía democrática e capacitan para o desempeño cualificado das actividades profesionais. Incorporaranse en módulos profesionais independentes ou transversalmente noutros módulos profesionais en función da familia profesional ou do ciclo formativo de que se trate.

e) Os ciclos formativos terán en conta a transversalidade dos coñecementos e capacidades para facilitar a mobilidade formativa e profesional na familia profesional, entre familias profesionais e entre outras formacións.

f) O deseño dos ciclos formativos permitirá a integración das diferentes ofertas formativas e a capitalización da formación adquirida a través da experiencia laboral ou de vías non formais de formación acreditada polo procedemento que se estableza en cumprimento do disposto no artigo 8.3 da Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional.

Artigo 5. *Catálogo de títulos de formación profesional.*

Os títulos de técnico e de técnico superior formarán o Catálogo de Títulos da Formación Profesional do sistema educativo, que responderá á necesidade de competencias profesionais requiridas polos sectores produtivos e ao desenvolvemento económico a nivel nacional, rexional, local e europeo, ben como á demanda da sociedade e aos intereses e expectativas dos cidadáns.

Artigo 6. *Estrutura dos títulos de formación profesional.*

As normas que o Goberno dite para regular os respectivos títulos de formación profesional especificarán en cada caso o seguinte:

a) Identificación do título:

Denominación.

Nivel.

Duración.

Familia profesional.

Referente europeo.

b) Perfil profesional do título:

Competencia xeral.

Competencias profesionais, persoais e sociais.

Relación de cualificacións e, se for caso, unidades de competencia do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais incluídas no título.

c) O ámbito profesional.

d) A prospectiva do título no sector ou sectores.

e) Ensinanzas do ciclo formativo:

Obxectivos xerais.

Módulos profesionais.

f) A correspondencia dos módulos profesionais coas unidades de competencia para a súa acreditación, validación ou exención.

g) Os parámetros básicos de contexto formativo para cada módulo profesional. Concretaranse os espazos e equipamentos mínimos necesarios tomando como referente un determinado número de estudantes e as titulacións e especialidades do profesorado, e as súas equivalencias para os efectos de docencia.

h) Modalidades e materias de bacharelato que facilitan a conexión co ciclo formativo de grao superior.

i) Validacións, exencións e equivalencias.

j) Relación con certificados de profesionalidade.

k) Información sobre os requisitos necesarios segundo a lexislación vixente, se for o caso, para o exercicio profesional.

l) Acceso a estudos universitarios desde os ciclos formativos de grao superior.

Artigo 7. *O perfil profesional do título.*

Os elementos que definen o perfil do título son:

a) A competencia xeral. Describe as funcións profesionais máis significativas do título, tomando como referente o conxunto de cualificacións e, se for o caso, unidades de competencia incluídas no título.

b) As competencias profesionais, persoais e sociais. Describen o conxunto de capacidades e coñecementos que permiten responder aos requirimentos do sector produtivo, aumentar a empregabilidade e favorecer a cohesión social.

c) As cualificacións e, se for o caso, as unidades de competencia do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais incluídas no título. Cada título incluírá, ao menos, unha cualificación profesional completa. Este conxunto de unidades de competencia debe posibilitar unha inserción laboral inmediata e unha proxección profesional futura.

Artigo 8. *Ciclos formativos.*

1. As ensinanzas conducentes á obtención dos títulos de técnico e de técnico superior ordenaranse en ciclos formativos de formación profesional de grao medio e de grao superior, respectivamente. As ensinanzas de formación profesional de grao medio forman parte da educación secundaria postobrigatoria e as de formación profesional de grao superior forman parte da educación superior.

2. Os ciclos formativos organizaranse en módulos profesionais de duración variable.

3. As ensinanzas dos ciclos formativos de grao medio e de grao superior incluírán, para cada ciclo formativo, os obxectivos xerais e os módulos profesionais que o integran.

4. A superación dun ciclo formativo requirirá a avaliación positiva en todos os módulos profesionais que o compoñen.

Artigo 9. *Módulos profesionais.*

1. Os módulos profesionais estarán constituídos por áreas de coñecemento teórico-prácticas, en función das competencias profesionais, que incluírán as definidas nas unidades de competencia, as competencias sociais e as persoais que se pretendan alcanzar. Estes módulos profesionais, segundo a súa natureza, estarán asociados ou non a unidades de competencia do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais.

2. Co fin de promover a formación ao longo da vida, as administracións educativas poderán organizar a impartición dos módulos profesionais en unidades formativas de menor duración. Estas unidades poderán ser certificables. A certificación terá validez no ámbito da correspondente Administración educativa. A superación de todas as unidades formativas dará dereito á certificación do módulo profesional.

Artigo 10. *Formación relacionada con áreas prioritarias.*

1. A formación relacionada coas áreas prioritarias, de acordo co establecido na disposición adicional terceira da Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional e co desenvolvemento e afondamento das competencias básicas establecidas nas recomendacións da Comisión Europea, incorporáranse nos diferentes módulos profesionais.

2. Naqueles ciclos formativos cuxo perfil profesional o exixa, incorporáranse en módulos profesionais específicos a formación relativa a tecnoloxías da información e da comunicación, idiomas e a prevención dos riscos laborais. Nos demais ciclos formativos esta formación incorporárase de forma transversal nos módulos profesionais que forman o título, sen prexuízo doutras solucións que as administracións educativas poidan habilitar respecto dos idiomas.

Artigo 11. *Módulo profesional de formación en centros de traballo.*

1. En cumprimento do disposto no artigo 42.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, o currículo dos ciclos formativos incluírá un módulo de formación en centros de traballo que non terá carácter laboral e do cal poderán quedar exentos os que acrediten unha experiencia laboral relacionada cos estudos profesionais respectivos.

2. O módulo profesional de formación en centros de traballo terá as finalidades seguintes:

- a) Completar a adquisición de competencias profesionais propias de cada título alcanzadas no centro educativo.
- b) Adquirir unha identidade e madurez profesional motivadoras para a aprendizaxe ao longo da vida e para as adaptacións aos cambios das necesidades de cualificación.
- c) Completar coñecementos relacionados coa produción, a comercialización, a xestión económica e o sistema de relacións sociolaborais das empresas, co fin de facilitar a súa inserción laboral.
- d) Avaliar os aspectos máis relevantes da profesionalidade alcanzada polo alumno no centro educativo e acreditar os aspectos requiridos no emprego que non se poden verificar por exixiren situacións reais de traballo.

3. Con carácter xeral, o módulo profesional de formación en centros de traballo deberase cursar unha vez alcanzada a avaliación positiva en todos os módulos profesionais realizados no centro educativo. Non obstante, e en función do tipo de oferta, das características propias de cada ciclo formativo e da dispoñibilidade de

postos formativos nas empresas, as administracións educativas poderán determinar outro calendario para este.

4. En calquera caso, os reais decretos que establezan os títulos de formación profesional determinarán os módulos profesionais que cando menos se deben ter superado para realizar o módulo de formación en centros de traballo.

Artigo 12. *Módulo profesional de proxecto.*

1. Os ciclos formativos de grao superior incorporarán un módulo profesional de proxecto, que se definirá consonte as características da actividade laboral do ámbito do ciclo formativo e con aspectos relativos ao exercicio profesional e á xestión empresarial.

2. O módulo terá por obxecto a integración das diversas capacidades e coñecementos do currículo do ciclo formativo. Esta integración concretarase nun proxecto que considere as variables tecnolóxicas e organizativas relacionadas co título.

3. O módulo profesional de proxecto realizarase durante o último período do ciclo formativo e avaliarase unha vez cursado o módulo profesional de centros de traballo, co obxecto de posibilitar a incorporación naquel das competencias adquiridas no período de prácticas en empresa. Organizarase sobre a base da titorización individual e colectiva e a atribución docente será a cargo do profesorado que imparta docencia no ciclo formativo.

4. A superación do módulo profesional de proxecto será necesaria para a obtención do título.

Artigo 13. *Formación relacionada coa orientación e relacións laborais e o desenvolvemento do espírito emprendedor.*

1. Todos os ciclos formativos incluírán formación dirixida a coñecer as oportunidades de aprendizaxe, as oportunidades de emprego, a creación e xestión de empresas e o autoemprego, a organización do traballo e as relacións na empresa, a coñecer a lexislación laboral básica, a relativa á igualdade de oportunidades e non-discriminación das persoas con discapacidade, ben como os dereitos e deberes que derivan das relacións laborais, para facilitar o acceso ao emprego ou a reinserción laboral.

2. Esta formación incorporárase nun ou varios módulos profesionais específicos, sen prexuízo do seu tratamento transversal, segundo o exixa o perfil profesional. Os contidos destes módulos profesionais estarán enfocados ás características propias de cada familia profesional ou do sector ou sectores produtivos.

Artigo 14. *Estrutura dos módulos profesionais.*

1. Os módulos profesionais incluírán as especificacións da formación recollidas nos correspondentes módulos formativos do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais relacionadas coas competencias profesionais que se pretende desenvolver a través do módulo profesional.

2. A norma por que se estableza un título de formación profesional especificará para cada módulo profesional:

- a) Denominación e código.
- b) Os obxectivos expresados en resultados de aprendizaxe.
- c) Criterios de avaliación.
- d) Contidos básicos do currículo, que quedarán descritos de forma integrada en termos de procedementos, conceptos e actitudes.

- e) Orientacións pedagóxicas.
- f) Duración en horas do módulo profesional na modalidade presencial e a equivalencia en créditos nos ciclos formativos de grao superior para facilitar a súa validación con estudos universitarios.
- g) Condicións mínimas de espazos, equipamentos e profesorado.

CAPÍTULO III

Avaliación e efectos dos títulos de formación profesional

Artigo 15. Avaliación das ensinanzas de formación profesional.

1. A avaliación da aprendizaxe do alumnado dos ciclos formativos realizarase por módulos profesionais de acordo co disposto no artigo 43 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. Os procesos de avaliación adecuaranse ás adaptacións metodolóxicas de que puiden ser obxecto o alumnado con discapacidade e garantirase a súa accesibilidade ás probas de avaliación.

2. En todo caso, a avaliación realizarase tomando como referencia os obxectivos e os criterios de avaliación de cada un dos módulos profesionais e os obxectivos xerais do ciclo formativo.

3. Na avaliación do módulo profesional de formación en centros de traballo colaborará co titor do centro educativo o titor da empresa designado polo correspondente centro de traballo para o período de estadía do alumno. Este módulo profesional cualificarase como apto ou non apto.

4. En réxime presencial, cada módulo profesional poderá ser obxecto de avaliación en catro convocatorias, excepto o de formación en centros de traballo, que o será en dúas. Con carácter excepcional, as administracións educativas poderán establecer convocatorias extraordinarias para aquelas persoas que esgotaron as catro convocatorias por motivos de doenza ou discapacidade ou outros que condicionen ou impidan o desenvolvemento ordinario dos estudos.

5. A cualificación dos módulos profesionais será numérica, entre un e dez, sen decimais. A superación do ciclo formativo requirirá a avaliación positiva en todos os módulos profesionais que o compoñen. Considéranse positivas as puntuacións iguais ou superiores a cinco puntos. A nota final do ciclo formativo será a media aritmética expresada con dous decimais.

6. As administracións educativas establecerán as condicións de renuncia á convocatoria e matrícula de todos ou dalgúns módulos profesionais. A renuncia á convocatoria reflectirase nos documentos de avaliación coa expresión de renuncia.

7. Os documentos do proceso de avaliación das ensinanzas de formación profesional son o expediente académico do alumno, as actas de avaliación e os informes de avaliación individualizados. Os informes de avaliación e os certificados académicos son os documentos básicos que garantan a mobilidade do alumnado.

8. Os certificados académicos expediranse en impresos oficiais normalizados, despois de solicitude da persoa interesada. Estes certificados deberán expresar as cualificacións obtidas polo alumno, tanto positivas como negativas, con expresión da convocatoria concreta (ordinaria ou extraordinaria) e o curso académico, até a data de emisión da certificación.

9. Os que non superen na súa totalidade as ensinanzas de cada un dos ciclos formativos recibirán un certificado académico dos módulos profesionais superados que terá, ademais dos efectos académicos, efectos de acreditación parcial acumulable das competencias

profesionais adquiridas en relación co Sistema Nacional de Cualificacións e Formación Profesional.

Artigo 16. Expedición, rexistro e efectos dos títulos.

1. Os títulos de técnico e técnico superior teñen carácter oficial e validez académica e profesional en todo o territorio nacional. Acreditan as cualificacións profesionais, as unidades de competencia incluídas no título e a formación que conteñen e producen os efectos establecidos na lexislación vixente, sen que isto constitúa regulación do exercicio profesional.

2. A superación dun ciclo formativo de grao medio dará dereito á obtención do título de técnico que corresponda. A superación dun ciclo formativo de grao superior dará dereito á obtención do título de técnico superior correspondente.

3. O título de técnico permitirá o acceso a calquera das modalidades de bacharelato.

4. O título de técnico superior dará dereito ao acceso directo aos estudos universitarios que se determinen, tendo en conta os estudos de formación profesional cursados, de acordo coa normativa vixente sobre os procedementos de acceso á universidade.

5. O rexistro e a expedición dos títulos de técnico e técnico superior realizarase consonte a normativa estatal básica sobre expedición de títulos académicos e profesionais.

CAPÍTULO IV

Definición do currículo polas administracións educativas

Artigo 17. Currículo dos ciclos formativos.

1. De conformidade co que se establece no artigo 39.4 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, o currículo das ensinanzas de formación profesional axustarase ás exixencias derivadas do Sistema Nacional de Cualificacións e Formación Profesional e ao establecido no artigo 6.3 desa lei.

2. As administracións educativas establecerán os currículos correspondentes respectando o disposto neste real decreto e nas normas que regulen os títulos respectivos.

3. De conformidade co que se establece no artigo 10.2 da Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional, as administracións educativas, no ámbito das súas competencias, poderán ampliar os contidos dos correspondentes títulos de formación profesional.

4. A ampliación e contextualización dos contidos referirase ás cualificacións e unidades de competencia do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais incluídas no título, así como da formación non asociada ao citado catálogo, respectando o seu perfil profesional.

Artigo 18. Adaptación ao ámbito socioproductivo.

1. As administracións educativas terán en conta, ao estableceren o currículo de cada ciclo formativo, a realidade socioeconómica do territorio da súa competencia, ben como as perspectivas de desenvolvemento económico e social, coa finalidade de que as ensinanzas respondan en todo momento ás necesidades de cualificación dos sectores socioproductivos do seu ámbito, sen prexuízo ningún da mobilidade do alumnado.

2. As administracións educativas, co fin de facilitar ao alumnado a adquisición das competencias do título correspondente, no cadro das súas competencias, promoverán a autonomía pedagóxica organizativa e de xestión dos centros que impartan formación profesional,

fomentarán o traballo en equipo do profesorado e o desenvolvemento de plans de formación, investigación e innovación no seu ámbito docente e as actuacións que favorezan a mellora continua dos procesos formativos.

3. Os centros de formación profesional desenvolverán os currículos establecidos pola Administración educativa correspondente de acordo coas características e expectativas do alumnado, con especial atención ás necesidades daquelas persoas que presenten unha discapacidade, e as posibilidades formativas do medio, especialmente no módulo profesional de formación en centros de traballo.

4. A metodoloxía didáctica das ensinanzas de formación profesional integrará os aspectos científicos, tecnolóxicos e organizativos que en cada caso correspondan, co fin de que o alumnado adquira unha visión global dos procesos produtivos propios da actividade profesional correspondente.

CAPÍTULO V

Oferta, acceso, admisión e matrícula nos ciclos formativos

Artigo 19. *Vías para a obtención dos títulos de formación profesional.*

Os títulos de formación profesional pódense obter a través das diferentes ofertas de ensinanzas que se inclúen neste real decreto, ou ben mediante a superación das probas organizadas para a súa obtención directa. Así mesmo, para a obtención dos títulos terase en conta o establecido no artigo 8.3 da Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional.

Artigo 20. *Oferta das ensinanzas dos ciclos formativos.*

1. A oferta destas ensinanzas poderase flexibilizar permitindo ás persoas, e principalmente aos adultos, a posibilidade de combinaren o estudo e a formación coa actividade laboral ou con outras actividades, respondendo así ás necesidades e intereses persoais.

2. Para isto, estas ensinanzas poderanse ofrecer de xeito completo ou parcial e, así mesmo, en ambos os casos e naqueles módulos profesionais en que sexa posible, poderanse desenvolver en réximes de ensino presencial ou a distancia.

3. As administracións educativas, no ámbito das súas competencias, establecerán as medidas necesarias para a organización da oferta.

Artigo 21. *Acceso á formación profesional do sistema educativo.*

1. O acceso directo á formación profesional de grao medio exixirá estar en posesión do título de graduado en educación secundaria obrigatoria e do título de bacharelato para o acceso aos ciclos formativos de grao superior, conforme o previsto no artigo 41.1 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

2. Tamén se poderá acceder mediante proba de acordo co disposto no artigo 41.2 da citada lei orgánica.

3. Os que teñan superada a proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos quedarán exentos da realización da proba prevista no número anterior.

Artigo 22. *Acceso mediante proba á formación profesional de grao medio.*

1. A proba de acceso aos ciclos formativos de grao medio deberá acreditar que o alumno posúe os coñecementos e habilidades suficientes para cursar con aproveitamento as ensinanzas respectivas.

2. Para acceder por esta vía aos ciclos formativos de grao medio requirirase ter, como mínimo, dezasete anos cumpridos no ano de realización da proba.

Artigo 23. *Exención dalgunha das partes da proba de acceso á formación profesional de grao medio.*

As administracións educativas, de acordo co establecido no artigo 41.4 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, regularán a exención da parte da proba que proceda, para os que teñan superado os módulos obrigatorios dun programa de cualificación profesional inicial, estean en posesión dun certificado de profesionalidade ou acrediten unha determinada cualificación ou experiencia laboral de, ao menos, o equivalente a un ano con xornada completa no campo profesional relacionado cos estudos que se queiran cursar.

Artigo 24. *Acceso mediante proba á formación profesional de grao superior.*

1. A proba de acceso á formación profesional de grao superior deberá acreditar que o alumno posúe a madurez en relación cos obxectivos de bacharelato e as súas capacidades referentes ao campo profesional de que se trate.

2. Para acceder por esta vía aos ciclos formativos de grao superior requirirase ter dezanove anos cumpridos no ano de realización da proba, ou dezoito anos para os que acrediten estar en posesión dun título de técnico relacionado con aquel a que se desexa acceder.

3. Esta proba constará dunha parte común e unha parte específica. A parte común terá como obxectivo apreciar a madurez e idoneidade dos candidatos para seguir con éxito os estudos de formación profesional de grao superior, ben como a súa capacidade de razoamento e de expresión escrita. Versará sobre as materias máis instrumentais do bacharelato. A parte específica terá como obxectivo valorar as capacidades de base referentes ao campo profesional de que se trate. Versará sobre os coñecementos básicos das materias de bacharelato a que se refire o artigo 6.h) deste real decreto.

Artigo 25. *Exención dalgunha das partes da proba de acceso á formación profesional de grao superior.*

As administracións educativas, de acordo co establecido no artigo 41.4 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, regularán a exención da parte da proba que proceda para os que teñan superado un ciclo formativo de grao medio, estean en posesión dun certificado de profesionalidade relacionado co ciclo formativo que se pretende cursar ou acrediten unha determinada cualificación ou experiencia laboral de, polo menos, o equivalente a un ano con xornada completa no campo profesional relacionado cos estudos que se queiran cursar.

Artigo 26. *Convocatoria das probas de acceso.*

As administracións educativas convocarán, ao menos unha vez ao ano, as probas de acceso aos ciclos formativos de grao medio e de grao superior de acordo co disposto neste real decreto.

Artigo 27. Cualificación das probas de acceso.

1. A proba de acceso a ciclos formativos de grao medio e de grao superior cualificarase numericamente entre cero e dez para cada unha das partes. A nota final da proba calcularase sempre que se obteña polo menos unha puntuación de catro en cada unha das partes e será a media aritmética destas, expresada con dous decimais, sendo positiva a cualificación de cinco puntos ou superior.

2. Para as persoas que realizasen o curso de preparación da proba de acceso previsto no artigo 41.5 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, no cálculo da nota final engadirase á media aritmética referida no punto anterior a puntuación resultante de multiplicar polo coeficiente 0,15 a cualificación obtida nese curso.

Artigo 28. Validez das probas de acceso.

As probas de acceso a ciclos formativos de grao medio e de grao superior terán validez en todo o territorio nacional. Nos ciclos formativos de grao superior, o acceso a cada un deles mediante proba quedará determinado de acordo coa parte específica desta.

Artigo 29. Admisión nos centros que impartan formación profesional.

1. O proceso de admisión para cursar as ensinanzas de formación profesional en centros públicos e privados concertados realizarase cumprindo o disposto no artigo 84 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

2. De acordo, co establecido no artigo 85.2 da LOE, cando non existan prazas suficientes no centro solicitado, terase en conta a nota media do expediente académico da titulación que lles dá acceso ou a nota final das probas previstas nos artigos 22 e 24 deste real decreto, respectivamente.

3. Para os efectos do previsto no número anterior, e para os ciclos de grao superior, a valoración do expediente estará referida ás modalidades e materias vinculadas para cada título en desenvolvemento do artigo 6.h) deste real decreto.

Artigo 30. Reserva de prazas para os que acceden mediante proba.

As administracións educativas establecerán, para o ámbito das súas competencias, a porcentaxe de prazas que se reservan para os que accedan ás ensinanzas de formación profesional de grao medio ou de grao superior mediante a proba establecida no artigo 41.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Artigo 31. Matrícula nos ciclos formativos.

1. A matrícula nos ciclos formativos de grao medio e superior estará determinada pola oferta desas ensinanzas.

2. En todo caso, a matrícula realizarase en cada un dos cursos académicos, ou por módulos profesionais en caso de matrícula parcial.

3. Con obxecto de garantir o dereito á mobilidade dos alumnos, a ordenación académica dos ciclos formativos nas comunidades autónomas deberá permitir a matriculación en réxime presencial ou a distancia daqueles alumnos que superasen algún módulo profesional noutra comunidade autónoma e non esgotasen o número de convocatorias establecido. Para isto, tales alumnos poderán realizar matrícula parcial naqueles módulos profesionais que teñan pendentes.

CAPÍTULO VI**Ensinanzas de formación profesional para persoas adultas****Artigo 32. Obxecto.**

De acordo cos obxectivos e principios previstos no artigo 66 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, as ensinanzas de formación profesional para as persoas adultas ofrecerán aos que sexan maiores de dezaioito anos e aos que sexan maiores de dezaseis anos e cumpran coas condicións establecidas no artigo 67.1 desa lei, a posibilidade de melloraren a súa cualificación profesional, adquiriren unha preparación para o exercicio doutras profesións, ben como dotalos dos recursos necesarios para adquiriren e afianzaren os obxectivos referidos no artigo 3 deste real decreto, incrementando, así, a súa participación activa na vida social, cultural, política e económica da sociedade.

Artigo 33. Organización.

As ensinanzas de formación profesional para as persoas adultas organizaranse cunha metodoloxía flexible e aberta, baseada na autoaprendizaxe, e mediante unha oferta adaptada ás súas condicións, capacidades, necesidades e intereses persoais, que lles permita a conciliación da aprendizaxe con outras actividades e responsabilidades.

Nestas ensinanzas prestarase unha atención adecuada, en condicións de accesibilidade e cos recursos de apoio necesarios en cada caso, ás persoas con discapacidade.

Artigo 34. Oferta de módulos profesionais incluídos no título e asociados a unidades de competencia do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais.

1. Coa finalidade de facilitar a formación permanente, a integración social e a inclusión das persoas ou grupos desfavorecidos no mercado de traballo, as administracións educativas poderán ofrecer formación en réxime presencial ou a distancia de módulos profesionais incluídos en títulos e asociados a unidades de competencia do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais.

2. Esta formación será capitalizable para a obtención dun título de formación profesional ou certificado de profesionalidade. Para a súa obtención cumprirá acreditar os requisitos de acceso.

3. Nos centros integrados, a programación desta oferta modular asociada a unidades de competencia incluídas en títulos de formación profesional e certificados de profesionalidade será a mesma.

Artigo 35. Probas para a obtención dos títulos de técnico e de técnico superior.

1. As administracións educativas organizarán periodicamente as probas establecidas no artigo 69.4 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, para a obtención do título de técnico e de técnico superior, de acordo coas condicións básicas establecidas neste real decreto.

2. As probas serán convocadas, cando menos, unha vez ao ano. Na convocatoria determinaranse os centros docentes públicos designados para estas probas, os ciclos formativos para os cales se realizan as probas, o período de matriculación e as datas de realización.

3. A avaliación realizarase por módulos profesionais e os contidos das probas referiranse aos currículos dos ciclos formativos vixentes.

4. Sen prexuízo do anterior, a acreditación de competencias profesionais adquiridas a través da experien-

cia laboral ou de vías non formais de formación debe-rase obter mediante o procedemento que se estableza en desenvolvemento do artigo 8.3 da Lei 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional. Tal acreditación permitirá a validación dos módulos profesio-nais asociados ás unidades de competencia que constitúan o título que se desexa obter.

Artigo 36. *Requisitos para participar nas probas.*

1. Para presentarse ás probas de obtención directa dos títulos, requírese ter dezaioito anos para os títulos de técnico e vinte anos para os de técnico superior ou deza-nove anos para os que estean en posesión do título de técnico.

2. Estar en posesión das titulacións académicas a que se refire o artigo 21 deste real decreto.

3. As persoas que cursasen a oferta a que se refire o artigo 34 deste real decreto, en réxime presencial ou a distancia, poderanse presentar a estas probas para a superación dos módulos profesionais que teñan pen-dentes.

CAPÍTULO VII

Ensinanzas de formación profesional a distancia

Artigo 37. *Oferta.*

1. Os centros autorizados para impartir ensinanzas de formación profesional a distancia deberán contar coa autorización previa para impartir as devanditas ensinanzas en réxime presencial. As actividades presenciais de titoría e avaliación realizaranse dentro dos centros.

2. Os centros públicos das administracións educati-vas que impartan exclusivamente formación a distancia quedan exceptuados do disposto no número anterior.

3. A norma que regule cada título determinará os módulos profesionais que poderán ser ofrecidos a distancia.

Artigo 38. *Acceso.*

Os que desexen acceder ás ensinanzas de formación profesional en réxime de educación a distancia terán que acreditar que cumpren os requisitos académicos de acceso á formación profesional de grao medio e de grao superior, de acordo co disposto no artigo 21 deste real decreto.

Artigo 39. *Matrícula.*

Durante un mesmo curso académico, un alumno non poderá estar matriculado no mesmo módulo profesional a distancia e en réxime presencial nin nas probas para a súa obtención.

Artigo 40. *Avaliación.*

A avaliación final para cada un dos módulos profesio-nais exixirá a superación de probas presenciais e harmonizarase con procesos de avaliación continua. O número máximo de convocatorias será o establecido para o réxime presencial.

Artigo 41. *Centros.*

As administracións educativas, no ámbito das súas competencias, adoptarán as medidas necesarias e dita-rán as instrucións precisas aos centros para poren en marcha e en funcionamento a educación a distancia nas

ensinanzas de formación profesional, co fin de poderen dispor dos espazos, equipamentos, recursos e profesorado que garantan a calidade destas ensinanzas. Así mesmo, contarán cos materiais curriculares adecuados e adaptaranse ao disposto na disposición adicional cuarta da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

CAPÍTULO VIII

Información e orientación profesional na formación profesional do sistema educativo

Artigo 42. *Fins.*

A información e orientación profesional na forma-ción profesional do sistema educativo terá os seguintes fins:

a) Informar e difundir as ofertas destas ensinanzas, ben como os requisitos académicos establecidos e as posibilidades de acceso a elas, atendendo ás condicións, necesidades e intereses das persoas que demanden a información.

b) Informar e orientar sobre as distintas oportuni-dades de aprendizaxe e os posibles itinerarios formativos para facilitar a inserción e reinserción laborais, a mellora no emprego, así como a mobilidade profesional no mercado de traballo.

c) Informar sobre as titulacións académicas e orien-tar sobre as posibilidades de adquisición, avaliación e acreditación de competencias e cualificacións profesio-nais requiridas no mundo laboral.

d) Orientar o alumnado cara aos ciclos formativos que mellor se adapten ás súas circunstancias persoais, de maneira que a opción elixida lles permita superar os obxectivos dos módulos profesionais e rematar a totali-dade do ciclo formativo, e sen que supoña risco para a súa integridade física nin a dos demais.

Artigo 43. *Organización.*

1. Co fin de lograr unha maior eficacia dos servizos e recursos destinados á información e orientación profesio-nal, e en virtude do disposto no artigo 15 da Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional, as administracións educativa e laboral esta-blecerán procedementos de colaboración para a defini-ción dos servizos, o papel de cada administración e doutras entidades públicas e privadas, especialmente os axentes sociais, ben como as medidas e ferramentas que permitan compartir información relevante.

2. As administracións educativas, no ámbito das súas competencias, proporcionarán información ao alumnado do sistema educativo, ás familias e á socie-dade en xeral. Así mesmo, estableceranse as medidas e instrumentos necesarios de apoio e reforzo para facilitar a información, orientación e asesoramento aos colecti-vos con risco de exclusión, persoas que abandonan cedo o sistema educativo, de escasa cualificación profesional, desempregadas, emigrantes ou con discapacidade.

CAPÍTULO IX

Validacións e exencións

Artigo 44. *Validación de módulos profesionais pola acreditación de unidades de competencia do Catá-logo Nacional de Cualificacións Profesionais.*

Os que teñan acreditada unha unidade de competen-cia que forme parte do Catálogo Nacional de Cualifica-cións Profesionais mediante calquera outro título de

formación profesional, certificado de profesionalidade ou parte deles, ou mediante acreditación parcial obtida a través do procedemento que se estableza en cumprimento do disposto no artigo 8.3 da Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional, terán validados os módulos profesionais correspondentes segundo se estableza na norma que regule cada título.

Artigo 45. *Validación doutros módulos profesionais.*

1. Serán obxecto de validación os módulos profesionais comúns a varios ciclos formativos, sempre que teñan igual denominación, duración, obxectivos e criterios de avaliación e contidos, de acordo co establecido pola norma que regule cada título.

2. Aínda cando os módulos profesionais non teñan a mesma denominación, o Ministerio de Educación e Ciencia, despois de consulta ás administracións educativas, establecerá mediante norma as validacións entre módulos profesionais, sempre que teñan similares obxectivos, contidos e duración.

3. Os que obtivesen a acreditación de todas as unidades de competencia dun título mediante o procedemento que se estableza en cumprimento do disposto no artigo 8.3 da Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional, e superen o módulo profesional de proxecto, poderán solicitar a validación co módulo de formación e orientación laboral e, se for o caso, con módulos profesionais específicos relacionados coas áreas prioritarias que se inclúsen no título.

Artigo 46. *Validacións de módulos profesionais de ciclos formativos de grao medio con materias de bacharelato.*

As validacións de módulos profesionais pertencentes aos ciclos formativos de grao medio con materias de bacharelato estableceranse na norma que regule cada título.

Artigo 47. *Validacións entre módulos profesionais de grao superior e ensinanzas universitarias.*

O Goberno, oído o Consello de Coordinación Universitaria, regulará o réxime xeral de validacións entre estudos universitarios e estudos de formación profesional superior conforme o disposto no artigo 44. 3 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, para a súa posterior concreción entre as comunidades autónomas e as distintas universidades.

Artigo 48. *Validacións entre módulos profesionais e ensinanzas de réxime especial.*

O Goberno, despois de consultar as comunidades autónomas, establecerá mediante norma as validacións entre ensinanzas de formación profesional e ensinanzas de réxime especial.

Artigo 49. *Exención do módulo profesional de formación en centros de traballo pola súa correspondencia coa experiencia laboral.*

1. Poderase determinar a exención total ou parcial do módulo profesional de formación en centros de traballo pola súa correspondencia coa experiencia laboral, sempre que se acredite unha experiencia, correspondente ao traballo a tempo completo dun ano, relacionada cos estudos profesionais respectivos.

2. A experiencia laboral a que se refire o número anterior acreditarase mediante a certificación da

empresa onde se adquiriu a experiencia laboral, na cal conste especificamente a duración do contrato, a actividade desenvolvida e o período de tempo en que se realizou a actividade. No caso de traballadores por conta propia, exixirase a certificación da alta no censo de obrigados tributarios, cunha antigüidade mínima dun ano, ben como unha declaración do interesado das actividades máis representativas.

Artigo 50. *Procedemento de validacións e exencións.*

1. As solicitudes de validación de estudos cursados e de exención por correspondencia coa práctica laboral, con módulos profesionais dos ciclos formativos, requiriran a matriculación previa do alumno para continuar estudos nun centro docente autorizado para impartir estas ensinanzas.

2. As validacións que se establecen neste capítulo, ben como a exención do módulo profesional de formación en centros de traballo, serán recoñecidas pola dirección do centro docente onde conste o expediente académico do alumno, de acordo co que establezan as administracións educativas. A solicitude irá acompañada da certificación académica oficial dos estudos cursados ou, se for caso, do certificado de profesionalidade ou da acreditación parcial a que se refire o artigo 44.

3. A validación ou exención dos módulos profesionais que procedan quedará rexistrada no expediente académico do alumno, nas actas de avaliación e na certificación académica, respectivamente, como:

a) Validado, naqueles módulos profesionais que fosen obxecto de validación.

b) Exento, segundo corresponda, naqueles casos en que o módulo profesional de formación en centros de traballo fose obxecto de exención.

4. Os módulos profesionais validados ou exentos non poderán ser computados para os efectos do cálculo da cualificación final do ciclo formativo.

5. As validacións non previstas nos artigos anteriores deberán ser solicitadas ao Ministerio de Educación e Ciencia, que resolverá o que corresponda en cada caso.

CAPÍTULO X

Centros que impartan formación profesional do sistema educativo

Artigo 51. *Definición dos centros docentes.*

As ensinanzas de formación profesional do sistema educativo poderanse impartir nos seguintes centros:

a) Centros públicos e privados autorizados pola administración educativa competente.

b) Centros de referencia nacional, conforme o disposto no artigo 11 da Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional, e nas condicións que se dispoñan na norma que regule os requisitos destes centros.

c) Centros integrados de formación profesional conforme o disposto no mesmo artigo 11 citado e no Real decreto 1558/2005, do 23 de decembro, polo que se regulan os requisitos básicos dos centros integrados de formación profesional.

Artigo 52. *Requisitos dos centros onde se impartan as ensinanzas de formación profesional.*

1. Todos os centros de titularidade pública ou privada que ofrezan ensinanzas conducentes á obtención dos títulos de técnico e técnico superior se axustarán ao

establecido na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e nas normas que o desenvolvan e, en todo caso, deberán cumprir os seguintes requisitos, alén dos establecidos na súa propia normativa:

a) Reunir as condicións hixiénicas, acústicas, de habitabilidade e de seguranza que se sinalan na lexislación vixente. Os espazos en que se desenvolva a práctica docente terán ventilación e iluminación natural.

b) Dispor das condicións de todo tipo que posibiliten o acceso, a circulación e a comunicación das persoas con discapacidade, de acordo co disposto na lexislación aplicable en materia de promoción da accesibilidade e eliminación de barreiras, sen prexuízo dos axustes razoables que se deban adaptar.

c) Cumprir os requisitos de espazos e equipamentos establecidos nos reais decretos por que se regule cada título.

d) Dispor, como mínimo, dos seguintes espazos e instalacións:

Despacho de dirección, de actividades de coordinación e de orientación.

Secretaría.

Biblioteca e sala de profesores adecuadas ao número de postos escolares.

Aseos e servizos hixiénico-sanitarios adecuados ao número de postos escolares, ben como aseos e servizos hixiénico-sanitarios adaptados para persoas con discapacidade no número, proporción e condicións de uso funcional que a lexislación aplicable en materia de accesibilidade estableza.

2. As instalacións poderán ser comúns a outras ensinanzas que se impartan no mesmo centro educativo. Os espazos formativos definidos para cada ciclo formativo poderán ser utilizados de forma non simultánea para outros ciclos formativos ou ensinanzas, sempre que as actividades formativas sexan afíns e se dispoña dos equipamentos requiridos.

3. A autorización concedida a un centro para impartir un determinado ciclo formativo poderá ser extensiva, segundo o plan de implantación da comunidade autónoma, a outros ciclos formativos da mesma familia profesional e do mesmo grao do que xa teña autorizado, despois de comprobación pola administración educativa respectiva de que os espazos formativos son similares e cumpren os requisitos requiridos para o novo ciclo formativo.

4. Con obxecto de poder utilizar as instalacións propias de ámbitos profesionais, as administracións educativas poderán autorizar, para impartir os ciclos formativos de formación profesional do sistema educativo, o uso doutros espazos e ámbitos, sempre que sexan adecuados para o desenvolvemento das actividades docentes, que se identifiquen eses espazos e que a súa superficie garde proporción co número de estudantes e satisfagan as características que lles correspondan, acreditando documentalmentemente que teñen concedida autorización para uso exclusivo ou preferente das instalacións durante o tempo en que teñan lugar as actividades formativas. En calquera caso, estes espazos e ámbitos, ben como os itinerarios que condúzan a eles, incorporarán as condicións de accesibilidade precisas que permitan a súa utilización por parte do alumnado con discapacidade.

5. Os centros docentes que impartan formación profesional terán en réxime presencial, como máximo, 30 alumnos por unidade escolar. O número de postos escolares nestes centros fixarase nas correspondentes disposicións que autoricen a súa apertura e funcionamento, tendo en conta as instalacións e condicións materiais correspondentes.

Disposición adicional primeira. *Oferta formativa para os colectivos desfavorecidos ou con risco de exclusión social.*

As administracións educativas, de acordo co disposto no artigo 12 da Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional, poderán realizar ofertas formativas adaptadas ás necesidades específicas dos mozos con fracaso escolar, persoas con discapacidade, minorías étnicas, desempregados de longa duración e, en xeral, persoas con risco de exclusión social. Estas ofertas, ademais de incluíren módulos asociados ao Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais, poderán incorporar módulos apropiados para a adaptación ás necesidades específicas do colectivo beneficiario. As competencias profesionais así adquiridas poderán ser avaliadas e acreditadas consonte o procedemento que se estableza en cumprimento do disposto no artigo 8.4 da citada lei.

Disposición adicional segunda. *Reserva de prazas para as persoas con discapacidade.*

As administracións educativas, de acordo co disposto no artigo 75. 2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establecerán unha porcentaxe de prazas reservadas nas ensinanzas de formación profesional para o alumnado con discapacidade, que non poderá ser inferior ao cinco por cento da oferta de prazas.

Disposición adicional terceira. *Deportistas de alto rendemento.*

1. Os deportistas de alto rendemento estarán exentos, nas probas de acceso aos ciclos formativos, da realización de probas físicas ou da demostración de habilidades ou destrezas propias da súa modalidade deportiva.

2. De conformidade co establecido no artigo 85.3 da Lei orgánica 2/2006, de educación, os deportistas que sigan programas de alto rendemento terán prioridade para seren admitidos nos centros que impartan educación secundaria que as administracións educativas determinen.

Disposición adicional cuarta. *Reserva de prazas.*

A reserva de prazas a que se refiren o artigo 30 e as disposicións adicionais segunda e terceira deste real decreto manterase ata o final do período oficial de matrícula. Nese momento, as prazas reservadas non ocupadas asignaranse aos solicitantes que non obtivesen praza no proceso ordinario de admisión.

Disposición adicional quinta. *Accesibilidade universal nas ensinanzas de formación profesional.*

1. O Goberno e as administracións educativas, no ámbito das súas respectivas competencias, incluírán no currículo dos ciclos formativos os elementos necesarios para garantir que as persoas que cursen ofertas de formación referidas aos campos profesionais citados na disposición derradeira décima da Lei 51/2003, do 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non-discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade, desenvolvan as competencias incluídas no currículo en deseño para todos.

2. Así mesmo, as diferentes ofertas de formación profesional e as probas de acceso deben observar a lexislación en materia de igualdade de oportunidades, non-discriminación e accesibilidade universal. Para tal fin o alumnado disporá dos medios e recursos que se precisen para acceder e cursar estas ensinanzas.

Disposición adicional sexta. *Acreditación de condicións de acceso do alumnado a determinadas ensinanzas profesionais.*

1. Para aquelas ensinanzas de formación profesional conducentes a títulos que polo seu perfil profesional requiran determinadas condicións psicofísicas ligadas a situacións de seguraza ou saúde, as administracións educativas poderán requirir a presentación da documentación xustificativa necesaria, ou a realización de determinadas probas, cando así se indique na norma que regule cada título.

2. Cando se trate de persoas con discapacidade, estes requirimentos adicionais deberán observar a lexislación en materia de igualdade de oportunidades, non-discriminación e accesibilidade universal.

Disposición adicional sétima. *Outras titulacións equivalentes para os efectos de acceso.*

Sen prexuízo do establecido no artigo 41 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e para os efectos do establecido no artigo 21 deste real decreto, poderase acceder aos ciclos formativos e ás probas para a obtención dos títulos correspondentes, acreditando algunha das condicións seguintes:

a) Para os ciclos formativos de grao medio:

Estar en posesión do título de graduado en educación secundaria.

Estar en posesión do título de técnico auxiliar.

Estar en posesión do título de técnico.

Ter superado o segundo curso de bacharelato unificado polivalente.

Ter superado o segundo curso do primeiro ciclo experimental de reforma das ensinanzas medias.

Ter superado, das ensinanzas de artes aplicadas e oficios artísticos, o terceiro curso do plan de 1963 ou o segundo de comúns experimental.

Ter superado outros estudos declarados equivalentes para os efectos académicos con algún dos anteriores.

b) Para os ciclos formativos de grao superior:

Estar en posesión do título de bacharelato establecido na Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo.

Ter superado o segundo curso de calquera modalidade de bacharelato experimental.

Ter superado o curso de orientación universitaria ou preuniversitario.

Estar en posesión do título de técnico especialista, técnico superior ou equivalente para os efectos académicos.

Estar en posesión dunha titulación universitaria ou equivalente.

Disposición adicional oitava. *Preferencia no acceso a ciclos formativos de grao superior en relación coas modalidades de bacharelato.*

Na norma que regule cada título establecerase a modalidade ou modalidades de bacharelato e/ou as materias cursadas que se consideren preferentes para o acceso ao correspondente ciclo formativo de grao superior.

Disposición adicional novena. *Cursos para unha maior especialización.*

1. Co fin de facilitar a aprendizaxe ao longo da vida, as normas mediante as cales o Goberno regule os diferentes títulos poderán incluír especializacións que com-

plementen a súa competencia. O Consello Xeral da Formación Profesional será consultado a este respecto.

2. As administracións educativas poderán propor estas especializacións. Así mesmo, decidirán en que centros se deben cursar, entre os que teñan autorizado o ciclo formativo obxecto da especialización.

3. A certificación académica que se expida ás persoas tituladas que superen unha especialización mencionará o título a que esta se refire e acreditará as respectivas unidades de competencia do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais. Esta certificación terá valor no Sistema Nacional de Cualificacións Profesionais e Formación Profesional.

Disposición adicional décima. *Titulacións e especialidade do profesorado, atribución docente e equivalencias para os efectos de docencia.*

1. Na norma pola que se regule cada título de formación profesional establecerase a que especialidades do profesorado do sector público se atribúe a impartición dos módulos profesionais correspondentes, así como as equivalencias para os efectos de docencia e a cualificación dos profesores especialistas que en cada caso procedan.

2. Así mesmo, nesa norma estableceranse as titulacións requiridas e calquera outro requisito necesario para a impartición dos módulos profesionais que formen o título, para o profesorado dos centros de titularidade privada ou de titularidade pública doutras administracións distintas das educativas.

Disposición adicional décimo primeira. *Programas de cualificación profesional inicial.*

De acordo co disposto no artigo 30 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e sen prexuízo dos efectos académicos previstos no artigo 23 deste real decreto, as certificacións académicas expedidas polas administracións educativas aos que superen os módulos obrigatorios dos programas de cualificación profesional inicial darán dereito, aos que o soliciten, á expedición dos certificados de profesionalidade correspondentes polas administracións laborais competentes.

Disposición adicional décimo segunda. *Expedición de certificados de profesionalidade.*

Sen prexuízo do disposto na anterior disposición décima, as administracións laborais competentes expedirán aos que o soliciten o certificado de profesionalidade correspondente sempre que, a través das ensinanzas profesionais cursadas no sistema educativo, obtivesen a certificación académica que acredite a superación dos módulos profesionais asociados a unidades de competencia que conformen ese certificado de profesionalidade, salvo que completasen un título que comprenda todas as unidades de competencia dese certificado.

Disposición adicional décimo terceira. *Procedemento de avaliación e acreditación de unidades de competencia adquiridas pola experiencia laboral e aprendizaxes non formais.*

A avaliación e acreditación das unidades de competencia que formen parte do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais, adquiridas mediante a experiencia laboral ou por vía de aprendizaxes non formais, realizárase mediante a acreditación parcial obtida a través do procedemento que se estableza en cumprimento do disposto no artigo 8.3 da Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Sen prexuízo do disposto na disposición derradeira segunda deste real decreto, queda derogado o Real decreto 777/1998, do 30 de abril, que desenvolve determinados aspectos da ordenación da formación profesional no ámbito do sistema educativo. Os anexos do citado real decreto seguirán en vigor até a súa actualización ou substitución na norma correspondente.

Queda derogado o Real decreto 942/2003, do 18 de xullo, que determina as condicións básicas que deben reunir as probas para a obtención dos títulos de técnico e técnico superior de formación profesional específica, excepto a facultade de avaliar e recoñecer competencias profesionais adquiridas a través da experiencia laboral ou de vías non formais de formación até a publicación da norma que estableza o procedemento a que se refire o artigo 8.3 de Lei 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional.

Queda derogado o Real decreto 362/2004, do 5 de marzo, que establece a ordenación xeral da formación profesional específica.

Así mesmo, quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Equivalencia entre os títulos anteriores, os actuais títulos de formación profesional e as novas titulacións.*

O Goberno, despois de consultar o Consello Xeral de Formación Profesional, determinará as equivalencias entre os títulos de formación profesional da Lei 14/1970, do 4 de agosto, xeral de educación e de financiamento da reforma educativa, os títulos vixentes da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, e os que se establezan ao abeiro deste real decreto.

Disposición derradeira segunda. *Modificación do anexo III do Real decreto 777/1998, do 30 de abril, que desenvolve determinados aspectos da ordenación da formación profesional no ámbito do sistema educativo.*

O anexo III do Real decreto 777/1998, do 30 de abril, que desenvolve determinados aspectos da ordenación da formación profesional no sistema educativo, fica modificado nos seguintes termos:

O título de técnico especialista en medicina nuclear ten os mesmos efectos académicos e profesionais que o título de técnico superior en imaxe para o diagnóstico e que o título de técnico superior en radioterapia.

Disposición derradeira terceira. *Carácter de norma básica.*

Este real decreto ten o carácter de norma básica, coa excepción do establecido no número 2 do artigo 9; nos números 3 respectivos dos artigos 20 e 31; no número 1 do artigo 34; no número 1 do artigo 37 e naqueles preceptos que fan referencia expresa a facultades das comunidades autónomas no ámbito das súas competencias, e dítase en virtude das competencias que atribúe ao Estado o artigo 149.1.1.^a e 30.^a da Constitución e ao abeiro da disposición derradeira primeira.² da Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional, da habilitación que confiren ao Goberno o artigo 10.1 e a disposición derradeira terceira da mesma lei e do disposto no artigo 39.6 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 15 de decembro de 2006.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Educación e Ciencia,
MERCEDES CABRERA CALVO-SOTELO

MINISTERIO DE INDUSTRIA, TURISMO E COMERCIO

93 *ORDE ITC/4037/2006, do 21 de decembro, pola que se establecen as especificacións técnicas que deben cumprir certos espellos ou outros dispositivos de visión indirecta que se instalen en determinados autobuses utilizados no transporte escolar e de menores. («BOE» 3, do 3-1-2007.)*

O Real decreto 443/2001, do 27 de abril, sobre condicións de seguranza no transporte escolar e de menores, establecía no seu artigo 4 as características técnicas dos vehículos que se utilizan neses transportes.

Para o caso concreto dos autobuses que se matricularen a partir do 1 de xaneiro de 2002, no número 4, punto 5.^o do citado artigo estableceuse que tales autobuses disporán de espellos ou calquera outro medio que permita ver a parte frontal exterior situada por baixo do nivel do condutor, os laterais do vehículo e a proxección destes sobre o chan en toda a súa lonxitude, en especial preto dos pasos de rodas e a parte traseira do vehículo.

Dado que no momento da publicación do citado Real decreto 443/2001, do 27 de abril, non existían especificacións idóneas sobre os espellos ou medios adecuados para o fin proposto, no segundo parágrafo da disposición derradeira primeira do citado real decreto dispúxose que o ministro de Industria, Turismo e Comercio establecese as especificacións técnicas dos citados espellos ou medios de visión indirecta.

Ao ser xa incorporada á regulamentación nacional a Directiva 2003/97/CE, do Parlamento europeo e do Consello, sobre homologación e instalación de dispositivos de visión indirecta, mediante a actualización dos anexos do Real decreto 2028/1986, do 6 de xuño, sobre as normas para a aplicación de determinadas directivas da CE, relativas á homologación de tipos de vehículos automóbiles, remolques, semirremolques, motocicletas, ciclomotores e vehículos agrícolas, así como de partes e pezas destes vehículos, dispónse xa dunhas especificacións rigorosas sobre as cales establecer os requisitos específicos exixibles no Real decreto 443/2001, do 27 de abril, polo que se considera conveniente establecer xa as citadas especificacións co obxecto de mellorar a seguranza nos autobuses dedicados ao transporte escolar e de menores.

Esta disposición foi sometida á información dos sectores afectados segundo o previsto no artigo 24.1 c) da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno e, así mesmo, foi sometida ao procedemento de información de normas e regulamentacións técnicas e de regulamentos relativos